


REVESTIMENTOS ANTIESVARADÍOS E RESPECTUOSOS COS PEZUÑOS



- Fomentan a saúde dos pezuños, o rendemento e a lonxevidade.
- Conservan a forma e a posición.
- Permiten o tránsito e a evacuación do xurro por arrobadeira.

KURA P

► Para chans con evacuación de xurro con arrobadeira ou sistema móbil



- Adáptase á perfección (ancho dispoñible en intervalos de 2 cm)
- O formato en *puzzle* compensa a dilatación natural, polo que se trata dunha superficie practicamente sen xuntas.




Superficie Grip que evita os esvaróns



Perfil de botóns para brandura ideal



Zona en *puzzle* reforzada



As barreiras antisuciedad limitan a penetración de impurezas baixo a goma



Sistemas de fixación KRAIBURG: extraestables e redondeados



KURA S

► Para chans emparrillados

- Fabricación a medida, personalizada para cada xeometría do chan.
- As esteiras dimensionáanse conforme ás normas elaboradas polos nosos especialistas.



*O chan debe ser apto para colocar as esteiras KRAIBURG



Paulino Badiola
Xerente de Badiola Holstein

“Temos unha menor incidencia de coxeiras e as vacas séntense moi cómodas”

Hai dez meses que en Badiola Holstein instalaron a primeira fase de gomas Kura P para o lote de alta produción. Tras unha valoración positiva, cubriron todos os corredores das súas vacas en muxidura con este revestimento antiesvaradío e respectuoso cos pezuños.

Antes de instalar as gomas Kura P, que material tiñades nos corredores?

Nas naveas tiñamos formigón. Algunhas instalacións teñen 10 anos, outras 20, e o que facíamos era raialo. Ao principio raíabamos cada dous anos e ultimamente xa tiñamos que facelo cada ano. Chegou un momento no que xa non era posible raialo máis, tiñamos que botar outra capa de formigón ou buscar outra solución.

Por que vos decidistes por este tipo de gomas?

Tiñamos poucas opcións: botar formigón ou por estas gomas. O raialo xa o levabamos practican-do anos. Ao principio tiñamos moi bos resultados, pero co tempo, o desgaste e posiblemente por usar area nos cubículos, o chan quedábasenos moitísimo máis esvaradío. Parecía como un cristal e isto dábanos problemas con algunha vaca.



EN VÍDEO

Ademais, axudounos coñecer a xente que levaba anos con elas e saber que lles ía ben. A súa experiencia fíxonos valorar esta opción e tomar a decisión de levala a cabo.

Cando as instalastes?

En outubro de 2018 fixemos unha primeira instalación de gomas en 350 m². Utilizamos como zona piloto o lote onde temos as vacas de alta produción e vacas de concurso. Estivemos a valorar como funcionaba uns seis meses e, vendo que os resultados eran bastante positivos, agora decidímonos a facer outros 800 m².

Como foi o proceso de instalación?

Na primeira fase instaláronnolas nun día. Preparaban todo para que a arrobadeira funcionase por encima das gomas e en 12 horas fíxose todo fantásticamente ben.

Na segunda fase, tardamos un pouco máis, pero foi tamén moi rápido e cómodo. Os animais, como temos dividida a nave por lotes de vacas, apenas o notaron.

Que beneficios comprobastes para os animais?

De momento é pronto para facer unha valoración global. Si que notamos que temos unha menor incidencia de coxeiras, as vacas séntense moi cómodas e nos últimos seis meses non tivemos que sacrificar ningunha vaca por rotura de patas, que era unha das razóns polas que nos decidimos a poñer gomas.

Anos atrás tivemos varias experiencias negativas con vacas de enorme xenética e altísima calidade e entón tentamos buscar unha fórmula para que as vacas estivesen cómodas e que nós tivéssemos os menores problemas posibles.

Tras estes meses de traballo con Kura P, que valoración podedes facer do produto?

De momento facemos unha valoración positiva; de feito, se non fose así, non houbéramos feito a segunda compra.

Cando pase máis tempo, comprobaremos se mereceu realmente a pena. É un investimento bastante custoso e o tempo dirá. Neste momento estamos contentos.

